

Roles do equipo e as súas funcións

CAPITÁNS/AS:

- Elixen aos integrantes dos seus equipos.
- Terán en conta que sexan mixtos e equilibrados.
- Organizan os adestramentos e animan aos compañeiros/as.
- Representan ao equipo.
- Só eles poden falar cos árbitros e cos outros capitáns.
- Deben ser o exemplo de deportividade (concede 2 puntos: xogo limpo e xogo en equipo).

ÁRBITROS:

- Deben coñecer as regras perfectamente e facelas cumprir nos partidos.
- Son os encargados de explicarlles as regras aos seus compañeiros/as e arbitran durante os seus adestramentos.
- Toman as decisións que consideren e non poden ser cuestionados directamente. **SÓ OS CAPITÁNS PODEN FALAR CON ELES.**
- Dirixen os ritos iniciais no partido: reunir aos capitáns, botar á sortes para ver quen saca e quen elixe campo, que se saúden os xogadores ao principio e ao final do partido, intercambio de bandeirolas...
- Reúnense para solucionar os problemas durante os partidos e axudarse cando teñan dúbidas.
- Escoitan aos capitáns cando soliciten falar con eles (máximo dúas veces por equipo e partido).
- Firman o acta do partido despois de revisar todos os puntos conseguidos polos equipos.

ANOTADORA – CRONOMETRADORA:

- Cubre e a ficha de adestramento do seu equipo o día de práctica, ao principio e ao final do mesmo.
- Cubre a acta o día do partido que non xoga o seu equipo.
- Apunta nela as tarxetas, os posibles cambios e acordos dos capitáns.
- Encárgase de controlar o tempo nos partidos.
- Este rol, rota entre os integrantes do equipo.

ENCARGADA DO MATERIAL:

- Saca, coloca e recolle o material necesario para os adestramentos.
- Marca o campo de xogo o día do partido que o seu equipo non xoga.
- Encárgase de recolocar durante o partido o material descolocado.
- Este rol, rota entre os integrantes do equipo.

XORNALISTA:

- Nos adestramentos pode tomar nota do que vai pasando.
- Fai gañar 1 punto extra ao seu equipo, se entrega unha crónica do adestramento ou partido na clase seguinte.
- Este rol, rota entre os integrantes do equipo.

XOGADORAS/ES:

- Son todos os integrantes do equipo.
- Escoitan en silencio e mantén contacto visual ca persoa que ten o quenda de palabra. Sobre todo ao seu capitán ou capitana.
- Deben respectar as regras e aos rivais.
- Deben esforzarse nos adestramentos e nos partidos.

- Deben xogar seriamente e con deportividade, así como dar a man aos opoñentes antes e despois do partido.
- **Non poden dirixirse ao árbitro**, para iso ten ao seu capitán.

